ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARBO

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ABASTECEMENTO DE AUGA DO CONCELLO DE ARBO

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario inicial aprobatorio de da Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa pola prestación do servizo de abastecemento do Concello de Arbo adoptado en sesión celebrada o día 28.12.15, cuxo texto íntegro se fai público en cumprimento do artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das facendas locais:

"ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECEMENTO DE AUGA DO CONCELLO DE ARBO

P R E Á M B U L O

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 e abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 ao 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Arbo, estable a taxa pola prestación do servizo municipal de abastecemento domiciliaria de auga do Concello de Arbo, a que se refire o artigo 20.4 t) do citado Texto refundido, que se rexerá pola presente ordenanza Fiscal, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do mesmo texto legal.

Artigo 1.—Feito Impoñible

1.—Constitúe o feito impoñible desta taxa a prestación do servizo municipal de subministro de auga potable polo Concello de Arbo.

2.—Será obxecto da taxa, o subministro de auga potable para:

a) Usos domésticos en domicilios particulares

Código seguro de verificación: I01DB4BT5JG2WN30

b) Usos comerciais e industriais

c) Usos de obra

3.—Interprétanse os usos das seguinte maneira:

a) Usos Domésticos en domicilios particulares: Enténdese por tales, tódalas aplicacións que se dan ao auga para atender as necesidades da vida e hixiene privada, como son: a bebida, a preparación de alimentos e a limpeza persoal doméstica.

b) Usos Comerciais e industriais: Enténdese por tales, os subministros prestados a calquera clase de comercio ou industria, actividades profesionais e redes interiores contra incendios. As concesións para estes usos levarán comprendida implicitamente outra concesión para os domésticos propios do establecemento ou vivenda en que se exerza a industria ou comercio. O concesionario virá obrigado a independizar as instalacións, e colocar, contadores independentes.

c) Usos de obras: Enténdese por tales os subministros efectuados aos inmobles onde se realicen obras que teñan a consideración de maiores, permanecendo suxeito á tarifa sinalada en tanto non sexa obtida a correspondente licenza de primeira ocupación, apertura ou cambio de uso e sexa solicitado o referido cambio.

4.— Non estarán suxeitos á taxa os inmobles declarados ruinosos. A estes efectos entenderase por ruinoso unicamente aquel inmoble que fose obxecto dunha declaración administrativa de ruína de acordo co disposto no Decreto 28/199, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia.

Artigo 2.—Suxeitos Pasivos

1.—Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas fiscais ou xurídicas e as entidades sen personalidade xurídica ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas nos que se preste o servizo, calquera que sexa o título polo que o faga.

2.—Terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, os propietarios dos inmobles, que poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daqueles, beneficiarios do servizo.

Código seguro de verificación: I01DB4BT5JG2WN30

Artigo 3.—Responsables

Serán responsables solidarios ou subsidiarios das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas fiscais ou xurídicas consideradas para este efectos segundo o disposto nos artigos 41 a 43 da Lei Xeral Tributaria

Artigo 4.—Base Impoñible

A base impoñible virá determinada, para cada unha das cotas, en razón do feito impoñible e o seu modo de medición ou valoración, segundo o establecido no artigo 6 da presente Ordenanza.

A determinación de dita base impoñible verifícase pola dispoñibilidade e utilización do servizo, e en función da cantidade de auga empregada ou consumida, expresada en metros cúbicos.

Artigo 5.—Beneficios Fiscais

1.—Serán beneficiarios os seguintes contribuíntes:

a) Os contribuíntes beneficiarios da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) serán beneficiarios nunha redución do 100% da cota cuadrimestral e do primeiro tramo de consumo, sempre que non incorran en excesos que serán facturados segundo a tarifa xenérica de exceso de consumo.

b) Serán beneficiarios as familias numerosas nunha redución do 50% da cota cuadrimestral e do primeiro tramo de consumo, sempre que non incorran en excesos que serán facturados segundo a tarifa xenérica de exceso de consumo.

2.—Os interesados que desexen solicitar a redución/bonificación da cota da taxa deberán presentar:

a) Solicitude de concesión da redución/bonificación en modelo facilitado polo Concello

b) Fotocopia compulsada do DNI

c) Fotocopia compulsada do acordo de concesión da RISGA ou réxime protector de carácter público

d) Fotocopia compulsada do último recibo de pago da taxa polos servizos vinculados ao ciclo integral da auga.

e) Identificación da referencia catastral do inmoble obxecto da prestación do servizo de abastecemento de auga

Código seguro de verificación: IO1DB4BT5JG2WN30

f) No caso de Familia numerosa, fotocopia compulsada do Titulo de Familia numerosa

g) No caso en que o inmoble obxecto de subministro onde resida o solicitante da redución/ bonificación non sexa da súa propiedade, deberá aportar ademais: Fotocopia do DNI do propietario do inmoble e Fotocopia do Contrato de aluguer do documento que acredite que o propietario do inmoble cédelle o uso do mesmo ao solicitante do beneficio fiscal.

3.—As solicitude resolveranse por Resolución da Alcaldía, sen prexuízo das delegacións feitas na Xunta de Goberno Local. Se a solicitude non reúne os requisitos sinalados nos puntos anteriores, requiriranse ao interesado na forma establecida no artigo 71 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de réxime xurídico das administración públicas e do procedemento administrativo común para que nun prazo de 10 días emenden a falta ou acheguen os documentos preceptivos, coa indicación de que , se así non o fixese, considerarase que desistiu da súa petición, logo de resolución ditada para o efecto.

4.—Tanto o propietario do ben inmoble obxecto da prestación do servizo como o beneficiario terán a obriga de comunicar á administración municipal calquera modificación nos datos relativos ao beneficio fiscal.

5.—O cambio de domicilio por parte do beneficiario suporá o cese do beneficio fiscal , debendo facer unha nova solicitude con todos os documentos expresados no punto 2 deste artigo para a concesión do beneficio fiscal no novo domicilio.

Artigo 6.—Cota Tributaria

A cota da taxa reguladora nesta ordenanza será a determinada nas tarifas seguintes:

1.—AUTORIZACIÓN CONEXIÓN Á REDE

CONCEPTO	TARIFA
Uso doméstico	240 €
Auga de obra	150 €
Uso comunitario en edificio de vivendas	240 €
Usos comerciais e de servizos	300 €
Industriais en xeral	600 €

No supostos de edificios que conten con varias vivendas ou locais comerciais o importe da tarifa establecida será o resultado de multiplicar a cota polo numero de vivendas e locais comerciais; debendo contar cada vivenda ou local comercial cun contador independente.

Código seguro de verificación: IO1DB4BT5JG2WN30

A autorización para uso comunitario en edificio de vivendas, será outorgada nos supostos de edificios que conteñan varias vivendas e/ou locais comerciais, para o uso da comunidade exclusivamente, tendo que contar cun contador independente o do resto das vivendas e locais comerciais.

2.—MANTEMENTO DO SERVIZO DE AUGAS PARA TODOS OS USOS

Fíxase unha cota cuadrimestral de 10 euros para o mantemento do servizo de augas para todos os usos.

3.—TARIFAS POR USOS E CONSUMOS :

CONCEPTO	TARIFA
Uso doméstico	— 0,10€/m3 ata 60m3/cuadrimestre — 0,25€/m3 de 61 a 90m3/cuadrimestre — 0,75€/m3 a partir de 91m3/cuadrimestre
Auga de obra	— 0,12€/m3 ata 120m3/cuadrimestre — 0,30€/m3 de 121 a 180m3/cuadrimestre — 0,90€/m3 a partir de 181m3/cuadrimestre
Uso comercial e de servizos	— 0,12€/m3 ata 120m3/cuadrimestre — 0,30€/m3 de 121 a 180m3/cuadrimestre — 0,90€/m3 a partir de 181m3/cuadrimestre
Uso industrial	— 0,18€/m3 ata 120m3/cuadrimestre — 0,45€/m3 de 121 a 180m3/cuadrimestre — 1,25€/m3 a partir de 181m3/cuadrimestre

Se exceptúan as épocas de restrición, nas que os usuarios deberán aterse o disposto nos correspondentes Bandos.

4-TAXA NOVA CONEXIÓN Á REDE POR SUSPENSIÓN DO SERVIZO A CAUSA DA COMISIÓN DE INFRACCIÓNS:

CONCEPTO	TARIFA
Uso doméstico	240 €
Auga de obra	150 €
Uso comunitario en edificio de vivendas	240 €
Usos comerciais e de servizos	300 €
Industriais en xeral	600€

Código seguro de verificación: IO1DB4BT5JG2WN30

Artigo 7.—Normas de Xestión:

As persoas ou entidades interesadas na prestación dos servizos gravados con esta taxa, deberán presentar a solicitude no modelo facilitado no concello de Arbo, achegando os seguintes documentos:

a) DNI do solicitante.

b) Identificación da referencia catastral do inmoble obxecto da prestación do servizo de abastecemento de auga.

c) No seu caso, contrato de aluguer.

d) Plano de situación situando a vivenda ou local para o cal se solicita o servizo.

e) Licenza de primeira ocupación para as edificacións destinadas a uso residencia, ou ben, licenza de apertura ou actividade (comunicación previa nos casos nos que non se esixa licenza municipal) para os locais comerciais e industriais.

Unha vez autorizada a prestación do servizo, esta terá continuidade mentres non se presente a declaración de baixa polo interesado. Unha vez declarada a baixa, esta producirá efectos no período impositivo seguinte. A non declaración expresa de baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

En caso de rotura liquidarase a taxa pola media das tres últimas liquidacións, sempre que exista comunicación ao Concello e xustificación da existencia da avaría e de ter levado a cabo as actuacións para a súa reparación.

Artigo 8.—Período impositivo e devengo

O período impositivo coincidirá co cuadrimestre natural. A taxa devéngase o primeiro día do período impositivo, salvo nos casos nos que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada:

a) Na data de presentación da oportuna solicitude de alta no servizo, se o suxeito pasivo a formula expresamente.

b) Desde que teña lugar a efectiva acometida á rede de abastecemento de auga municipal. O devengo producirase con independencia de que se obtivese ou non a autorización de alta e sen prexuízo da incoación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.

Código seguro de verificación: IO1DB4BT5JG2WN30

Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas esixiranse o primeiro día de cada cuadrimestre natural seguinte ao do devengo. As cantidades esixibles conforme á tarifas serán irredutibles polo período sinalado.

Artigo 9.—Liquidación e cobro

A taxa polos dereitos de conexión a rede de subministro de auga, será liquidada polo concello e notificada o suxeito pasivo, concedéndolle, para o seu ingreso o prazo estipulado na normativa tributaria de carácter xeral.

A taxa por consumo periódico serán xestionada e liquidada cunha periodicidade cuadrimestral en base ao Padrón Municipal desta taxa, e as lecturas realizadas. A recadación atópase delegada no Organismo Autónomo da Deputación Provincial de Pontevedra (ORAL), e realizarase conforme a Lei xeral tributaria, e as disposicións que a desenvolven.

Artigo 10.—Infraccións e sancións

Nesta materia estarase ao disposto na Lei Xeral Tributaria, o Regulamento do servizo de abastecemento de auga potable do Concello de Arbo e demais normativa de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

A contía da cota da taxa actualizaranse conforme ao Índice de Prezos do Consumo (IPC), establecido para o Estado pola Instituto Nacional de Estatística (INE).

A actualización requirirá para a súa efectividade a súa aprobación polo Pleno.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA

Esta ordenanza derroga expresamente a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga actualmente vixente, modificada recentemente por acordo plenario de 20 de xuño de 2012 que foi publicado no BOP nº 124 de 28 de xuño de 2012; e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria á mesma.

DISPOSICIÓN FINAL

O non previsto nesta Ordenanza será de aplicación o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais normativa concordante.

A presente ordenanza entrara en vigor, unha vez aprobada polo Pleno da Corporación e a partires do día seguinte á publicación do texto íntegro da mesma no Boletín Oficial da Provincia.

Código seguro de verificación: I01DB4BT5JG2WN30

DATOS DO SOLICITANTE

Nome :
DNI: Enderezo:
Localidade: Telefono correo electrónico
Enderezo do suministro

DATOS DO TITULAR DO CONTRATO DA AUGA (cubrir so no caso que o titular non sexa o mesmo que o solicitante)

Nome

DOCUMENTACIÓN QUE SE ADXUNTA

a) Fotocopia compulsada do DNI
b) Fotocopia compulsada do acordo de concesión da RISGA ou réxime protector de carácter público
c) Fotocopia compulsada do último recibo de pago da taxa polos servizos vinculados ao ciclo integral da auga.
d) Identificación da referencia catastral do inmoble obxecto da prestación do servizo de abastecemento de auga
e) No caso en que o inmoble obxecto de subministro onde resida o solicitante da bonificación non sexa da súa propiedade, deberá aportar ademais: Fotocopia do DNI do propietario do inmoble e Fotocopia do Contrato de aluguer do documento que acredite que o propietario do inmoble cédelle o uso do mesmo ao solicitante do beneficio fiscal.

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTE
Coa sinatura da presente solicitude asumo o compromiso de comunicar o Concello calquera modificación que afecte a presente bonificación.
Data

Sr. Alcalde do Concello de Arbo

DATOS DO SOLICITANTE
Nome :
DNI: Enderezo:
Localidade: Telefono correo electrónico
Enderezo do subministro

DATOS DO TITULAR DO CONTRATO DA AUGA (cubrir so no caso que o titular non sexa o mesmo que o solicitante)

Nome

DOCUMENTACIÓN QUE SE ADXUNTA

a) Fotocopia compulsada do DNI
b) Fotocopia compulsada do acordo de concesión da RISGA ou réxime protector de carácter público
c) Fotocopia compulsada do último recibo de pago da taxa polos servizo s vinculados ao ciclo integral da auga.
d) Identificación da referencia catastral do inmoble obxecto da prestación do servizo de abastecemento de auga
e) Fotocopia compulsada do Titulo de Familia numerosa
f) No caso en que o inmoble obxecto de subministro onde resida o solicitante da bonificación non sexa da súa

Contra o presente acordo, conforme ao artigo 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderá interpoñerse polos interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partires do día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

En Arbo a 23 de febreiro de 2016.—O Alcalde, Horacio Gil Expósito.

Código seguro de verificación: I01DB4BT5JG2WN30